

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 23 de marzo de 2012

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
Allegue Agüete, Pilar
Rodríguez Domínguez, Damián
Valcárcel Fernández, Patricia
Martínez Yáñez, Nora
Muleiro Parada, Luis

Barahona Martín, Magdalena
Bouso Cedrón, Pedro
Caballero Fernández, Gloria
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, Belén
González Martínez, José Manuel
Ibáñez Paz, Regina
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Táboas, Teresa
Orge Míguez, José Carlos
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Rodríguez, Emma
Ruiz Hidalgo, Carmen
Trigo Gómez, Pilar

Barreiro Carril, M^a Cruz
De Castro Lorenzo, Adrián
Fernández Lixa, Rocío
Fernández Vila, Rodrigo
Guerrero Saco, Alejandro

Iníciase a reunión no Salón de Graos da Facultade sendo as 13.10 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 24 de febreiro de 2012)
2. Informes da Decana
3. Designación dos membros para formar parte da Comisión de Traballos Fin de Grao
4. Designación dos membros para formar parte dos Tribunais de TFG de RRL.
5. Aprobación, se procede, do calendario de actuación dos Tribunais de TFG de RRL.
6. Aprobación, se procede, de cambio de cuatrimestre da materia de Libre Elección *Economía laboral*
7. Adopción de acordo en relación co horario da docencia de 4º curso do Grado en Dereito e do Grao en Relación Laborais e Recursos Humanos.
8. Aprobación, se procede, da normativa aplicable ao proceso de selección dos alumnos participantes en programas de intercambio
9. Proposta da Área de Dereito Administrativo para designación de membro honorífico do claustro de profesores de Dereito.
10. Rogos e preguntas

A Decana excusa a asistencia dos seguintes membros da Xunta: D. Pablo Grande Seara por teren unha reunión do Consello de de Goberno; D. Rafael André Fernández por teren clases á mesma hora en ADE; D^a M^a Antonia Arias Martínez por razóns médicas; D^a Esther Castro por teren clases en ADE á mesma hora; D^a Teresa Estévez por ter una cita médica á mesma hora.

Recorda que para que as excusas de asistencia sexan aceptadas hai que indicar o motivo xustificado polo cal non se pode asistir á Xunta.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 24 de febreiro de 2012)

Apróbase a acta por asentimento

2. Informes da Decana

A Decana informa dos seguintes puntos:

- a) Aprobación definitiva da Memoria definitiva do Máster Interuniversitario en Procuradoría.
- b) Aprobación definitiva do Convenio entre a UVigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra para a impartición do Máster en Avogacía.
- c) Informa de que o cadro de descontos docentes para o vindeiro curso foi enviado á Reitoría e pode consultarse no Decanato.
- d) Explica que os alumnos do Grado en RRLL e RRHH matriculados na materia optativa “*Políticas sociolaborais*”, presentaron unha solicitude de modificación de horario correspondente á práctica impartida os xoves. A solicitude consiste en adiantar dita clase media hora de tal xeito que a materia comenzarías ás 15.30 en lugar de ás 16 h. Os profesores están tamén dacordo co cambio.

3. Designación dos membros para formar parte da Comisión de Traballos Fin de Grao

Noméase a seguinte Comisión de Traballos Fin de Grao:

- a) Decana
- b) Coordinadora Grao Dereito: Carmen Ruiz Hidalgo
- c) Coordinadora Grao RR.LL e RR.HH.: Belén Fernández Docampo
- d) Profesora Dereito: Pilar Allegue Agüete
- e) Profesor RR.LL e RR.HH: José Carlos Orge Míguez
- f) Alumno Dereito: Rodrigo Fernández Vila
- g) Alumno RR.LL: Alexander Lizarralde
- h) PAS: M^a Nieves López Prieto

En tanto que o alumno Alexandre Lizarralde manifestou que non quere integrar esta Comisión, pídese a delegación para que se poida cambiar a este alumno e aceptar ao substituto que propoñan os alumnos.

Apróbase por asentimento a composición indicada e delégase no Decanato o cambio, no seu caso, do alumno Alexander Lizarralde á vista da proposta que se faga dende a delegación de alumnos.

4. Designación dos membros para formar parte dos Tribunais de TFG de RRL

No sorteo público celebrado no Decanato saíron os seguintes profesores:

TRIBUNAL TITULAR 1

Magdalena Barahona Martín
Carmen Domínguez Rubira
Belén Fernández Docampo

TRIBUNAL SUPLENTE 1

Jaime Cabeza Pereiro
Ángel M. Mariño de Andrés
Nora Martínez Yáñez

TRIBUNAL TITULAR 2

Pilar Trigo Gómez
Almudena Bergareche Gros
Gloria Caballero Fernández

TRIBUNAL SUPLENTE 2

Pedro Bouso Cedrón
Pablo Menéndez García
José Carlos Orge Míguez

Apróbase por asentimento a designación destes Tribunais

5. Aprobación, se procede, do calendario de actuación dos Tribunais de TFG de RRL

Logo de revisadas as datas de exames propóñense os seguintes días para a actuación dos Tribunais de TFG:

- a) Convocatoria maio-xuño: 31 de maio
- b) Convocatoria xullo: 10 de xullo

A Decana pide unha delegación en Comisión Permanente para que se ao comunicar as datas aos membros dos Tribunais Titulares e Suplentes advírtese que hai algunha causa xustificada pola que algún non poida participar nos Tribunais, se substitúa, previo sorteo, por outra persoa.

Apróbanse por asentimento as datas e a delegación solicitada.

6. Aprobación, se procede, de cambio de cuadrimestre da materia de Libre Elección *Economía laboral*

A Decana informa que das cinco materias de Libre Elección propostas pola Xunta, a COAP somentes aprobou que se impartan 3. O problema é que as tres están no primeiro cuadrimestre. Por eso se propón cambiar unha materia de cuadrimestre.

Apróbase por asentimento:

- a) Deixar no primeiro cuadrimestre as seguintes materias:

Delincuencia Económico-Empresarial
Constitución Europea

- b) Pasar ao segundo cuadrimestre a materia

Economía laboral

A Profesora Almudena Bergareche manifesta que a ela, responsable da materia adscrita a Dereito Constitucional, non se lle consultou nada para facer cambio algún. A Decana explica

que en tanto que había un profesor que aceptaba cambiar a súa materia de cuadrimestre xa non eran precisos máis cambios, pero que se ten interese en cambiar a súa materia de cuadrimestre aínda podería facerse.

7. Adopción de acordo en relación co horario da docencia de 4º curso do Grao en Dereito e do Grao en Relación Laborais e Recursos Humanos

Apróbase por asentimento que o cuarto curso dos Graos en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos se imparta íntegramente de tarde.

8. Aprobación, se procede, da normativa aplicable ao proceso de selección dos alumnos participantes en programas de intercambio

Logo do debate sobre certos puntos, acórdase por asentimento deixar este punto sen aprobar, de tal xeito que se revisen certos aspectos da proposta pola Comisión de Asuntos Internacionais, delegándose a aprobación da normativa, no seu caso, nunha Comisión Permanente a celebrar a vindeira semana.

9. Proposta da Área de Dereito Administrativo para designación de membro honorífico do claustro de profesores de Dereito

A Área de Dereito Administrativo propón como Membro Honorífico do Claustro de Profesores da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo ao *Prof. Dr. D. Lorenzo Martín-Retortillo Baquer, Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Complutense de Madrid*, Profesor Emérito, Membro de Número da Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación, Senador nas Cortes Constituíntes que deron lugar ao texto da Constitución Española de 1978 en cuia elaboración tivo unha intervención decisiva nos artigos relativos aos dereitos fundamentais e as liberdades públicas.

Apróbase a proposta por asentimento.

10. Rogos e preguntas

A Profesora Almudena Bergareche pide a palabra solicitando que se lle aclare se un profesor pode suspender e dar por rematadas as clases do ano antes da data oficial de terminación. Segundo lle informaron os alumnos esto é o que fixo un Profesor deste Centro.

A Decana intervén para explicar que verá de aclarar o acontecido.

Non habendo máis rogos e preguntas levántase a sesión sendo as 15. 45, do que dou fe como secretaria.

Patricia Valcárcel Fernández